



## Concello de Vilalba

# BASES PARA O SORTEO DA I FEIRA DO LIBRO DE VILALBA VILALÉ 2021

### Bases do Concurso.

#### 1. Obxectivo e Finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados e Turismo, e da Concellería de Cultura, Comunicación e Igualdade, promove o “Sorteo da I Feira do Libro de Vilalba Vilalé 2021” co obxectivo de promocionar a lectura, cultura e a venda de libros dentro desta feira.

#### 2. Persoas destinatarias.

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

#### 3. Requisitos de participación

Por cada compra de libro/s, as librarías participantes nos postos da feira entregarán unha papeleta da categoría da compra realizada, o ben infantil/xuvenil, ou ben xeral.

As papeletas irán identificadas por números correlativos do 001 ao 500 e serán repartidas ata esgotar todas as papeletas. Sendo un total de 500, de 50 rifas cada un, que se repartirán entre cada librería participantes, as que se lle fai entrega de dous talonarios a cada unha, e, por tanto, un total de 100 rifas (50 por categoría).

Non poderán participar no sorteo as librarías que participan na Feira.

#### 4. Mecánica do sorteo e reparto de rifas

Sortearanse catro lotes de libros mercados nas librarías locais que participen na feira, valorados en 50 euros cada un: dous lotes infantís e xuvenís e dous lotes xenéricos.

Cada librería será posuidora de dous talonarios de 50 rifas cada un. Un talonario para o sorteo da categoría infantil e xuvenil e outro para a xenérica.

Darán unha papeleta a cada persoa que merque un ou varios libro desa categoría

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 10 DE XUÑO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





## Concello de Vilalba

---

(unha papeleta por ticket de compra, non por libro), quedando unha matriz que será a que posteriormente se introduza para o sorteo público.

#### 4. Prazo, data e lugar do sorteo

As papeletas serán entregadas os días que dura a feira, do 11 ó 12 de Xuño de 2021, por cada compra realiza in situ e ata finalizar as existencias das mesmas.

O sorteo será de carácter público antes do peche da feira o día 12 de xuño de 2021 as 19h, no palacete sito na praza da Constitución.

#### 5. Realización do sorteo.

O sorteo é presencial e público no lugar e hora sinalados.

Colocaranse os resgardos de todas as papeletas entregadas en dúas furnas, segundo a categoría.

O sorteo realizarase en presenza dun representante do Concello, que levantará acta, dun libreiro, en representación dos comerciantes participantes na Feira, e dunha persoa maior de idade asistente entre o público.

Unha persoa voluntaria de entre o público asistente ó sorteo extraerá unha papeleta de cada unha das furnas, ata que apareza a persoa gañadora posuidora do mesmo número da papeleta extraída, polo que será necesaria a presenza física dos/as participantes, facéndose entrega do premio no mesmo momento.

Este proceso será realizado por cada lote que se sortea (un total de catro).

#### 6. Premios.

Catro lotes de libros mercado nas librarías locais valorados en 50 euros cada un, dous lotes de libros da categoría infantil e xuvenil, e dous lotes de libros da categoría xenéricos.

#### 7. Aceptación das bases

A participación no concurso significa a aceptación destas bases.

#### 8. Tratamento de datos persoais.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 10 DE XUÑO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





## Concello de Vilalba

---

Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a restante normativa aplicable na materia.

**BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 10 DE XUÑO DE 2021**

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**



Cód. Validación: A7EPWRYC6SQHNGWTTMZP476R5E | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 3